

ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

REÚNENSE:

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, D. Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, nomeado por Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro), no uso das competencias que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (BOE núm. 70, do 23 de marzo), e o artigo 126 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 207, do 27 de outubro).

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN:

Primeiro.- Ambas partes suscribiron o data 7 de abril de 2022 o Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña.

Segundo.- Considerando que é de interese ampliar a colaboración iniciada con base no convenio de cooperación educativa mencionado, ambas as partes



ACORDAN

Incluir os Puntos de Encontro Familiar que sexan titularidade da Xunta de Galicia dentro dos centros de realización de prácticas indicados na cláusula segunda do convenio de colaboración educativa asinado entre a Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña con data 07 de abril de 2022.

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan esta *addenda*.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2025

A CONSELLEIRA DE POLITICA SOCIAL E IGUALDADE	O REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Fabiola García Martínez	Ricardo José Cao Abad